



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A [Xunta de Galicia](#), a través da [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#), presentará o **martes 25 de marzo** en Santiago de Compostela a súa **Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 Galicia**, como estratexia que guiará a política de I+D+i da nosa comunidade no periodo 2014-2020 e que estará dotada cun orzamento total de máis de 1.600 millóns de euros.

No acto intervirán o **comisario europeo de Política Territorial, Johannes Hahn, o ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e o conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde López.**

A elaboración desta estratexia responde a unha **esixencia da Comisión Europea**, cara as rexións e os Estados membros que desexen optar a fondos estruturais neste periodo orzamentario, de identificar as áreas de especialización susceptibles de recibir financiamento comunitario para a realización de proxectos de I+D, innovación e TIC e, deste xeito, **racionalizar o uso dos recursos públicos e privados**, conseguindo unha **maior eficiencia i eficacia**.

Galicia culminou esta tarefa de definición estratéxica despois dun amplo proceso de elaboración que partiu a mediados do ano 2012 e no que participaron arredor de 200 axentes do Sistema Galego de Innovación. Froito deste proceso definiuse unha visión compartida, identificáronse unhas vantaxes competitivas, establecéronse retos e prioridades estratéxicas e definiuse un plan de acción concreto.

A asistencia ao acto é aberta, previa inscrición na seguinte [ligazón](#). Para máis información sobre o acto, a Xunta de Galicia pon á túa disposición o seguinte teléfono: 981957865 e para profundar na RIS3 podes ampliar información [aquí](#).

Agardando que este acto sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!